


LA ESPALDA DEL MUNDO (2000)



Xénero: Documental

Nacionalidade: España

Director: Javier Corcuera

Guión: Elías Querejeta, Fernando León de Aranoa, Javier Corcuera

Intérpretes: Guinder Rodríguez (neno pica pedreiro); Mehdi Zana (exiliado); Thomas Miller (condenado a morte); Raúl Sánchez (neno traballador); Martín del Álamo (neno traballador)

Fotografía: Jordi Abusada

Montaxe: Iván Fernández, Nacho Ruiz-Capillas

Duración: 89 minutos

Sinopse:



Guinder Rodríguez ten 11 anos. Pertence a unha familia composta polo pai, a nai e tres irmáns máis. Viven nunha casa-chabola en Carabayllo, un pobo da periferia de Lima. Como seus amigos, Michael, Cuti, Raúl e Martín, Guinder traballa como pica pedreiro e intenta compaxinar traballo e educación. De maior quere ser contable.



Leyla Zana estaba embarazada do seu segundo fillo cando encarceraron a seu marido Mehdi. Aprendeu a falar turco para poder visitalo no cárcere. Logo comezou a estudar e chegou a ser a primeira muller kurda elixida deputada por Diyarbarki.



Thomas Miller leva desde 1986 no corredor da morte de Texas acusado de roubo e dobre asasinato. Desde entón coñeceu a 120 persoas que foron executadas e tivo dez datas de execución que non se chegaron a cumprir grazas ás apelacións presentadas polo seu avogado.